

ACTA DA ASEMBLEA DO 30 DE MAIO DO 2013.

Lugar da reunión: Alfaiate.

Asistentes: Tono, Susi4, Patxi, Mariola, Carmen, Pepe Lado, Martiño, Javi, Laura, Lidia.

Orde do día:

-Informe grupos de traballo,(estado de contas.)

-Manifesto.

-Viaxe a Barcelona.

-Listas de correo. Actualización.

-Patrimonio, reunión.

-Varios: manual funcionamento.

Grupo Xestión e Financiamento: Informaron de que despois de facer pagamentos e aínda en débeda con Pepe, temos un saldo negativo de -33,69 €, pagouse in situ a Tono pola radio, Laura a inscrición no Soho. Fixeron algunhas propostas para acadar fondos, como revisar á baixa os prezos das camisetas, ceder a mesa no Soho para alguén amiga/o ou proxecto que queira vender as súas obras e ceda o 10% a Proxecto, mesmo porcentaxe que algún obradoiro. Falamos tamén da sesión vermú do día 16 no Soho, dos cartazes dese evento e do grupo colaborador que coordinaran Mariola, Lidia, Susi e Laura.

Grupo Comunicación: Pepe informou da reunión e contacto con Extramuros, con quen decidimos mantermos en contacto e convidalos para o evento do 29 arredor da prisión. Apenas recibimos respostas das Asociacións para informarlles máis directamente do proxecto e Laura fixo un repaso das que nos contestaron. Con respecto a Casa Tomada, polo momento non imos participar, aínda que estaremos dispostxs a facelo máis adiante.

O grupo da **Radio** sigue adiante o mes de xuño. E fixo o pagamento do mes de maio a Cuac. Martiño mostrou interese en participar.

Manifesto: Continuamos a recoller sinaturas e acordamos manifestar a Laura a cantidade, para facer un documento xeral co fin de presentalas por rexistro o luns seguinte ó evento do 29, co fin de aproveitar os eventos do 16 e 29 para recabar máis firmas. Tamén temos a confirmación de Rivas para o día 29. As sinaturas recabadas ata o momento andan arredor de 1.400. Suxeriuse deixar o Manifesto noutros lugares da cidade.

Listas de correo: Decidimos actualizar as listas de correo dos grupos e do grupo coordinador para saber exactamente cantos somos.

Viaxe a Barcelona de Patxi. Para “Ens toca! Recuperar o espazo público a través da cultura” Xa que a viaxe correrá a cargo da organización catalana, falamos de axudar monetariamente sen determinar cuantía, tamén de proporcionarlle a Patxi toda a documentación posible para facer a exposición do proxecto, e dese xeito xa facer un documento-presentación que nos sirva para o futuro. Documento- presentación unificado. Tono e Laura quedaron en axudar coa información.

Patrimonio: Laura manifestou o interese que podiamos ter en manter reunións cos colectivos existentes en Galiza interesados na recuperación de espazos para a colectividade, xa que

recibimos moitas novas deses colectivos. Enviaremos un correo de saúdo e o interese en ter con eles unha mesa de traballo despois do verán.

Evento do 29: Falamos moito sobre a necesidade ou non de solicitar permisos ó Concello para o evento do 29 e que tipo de permiso, finalmente confiamos a Pepe a redacción da solicitude. Acordamos que Pepe se poña en contacto con Mercedes Peón para facer un serán a tarde-noite do 29.

Varios: Centrámonos na necesidade de poñer sobre a mesa un manual de funcionamento que nos permita ter un protocolo de funcionamento onde o respecto, as formas, a actitude, a confianza queden reflexadas. Acordamos revisar o que elaboraran as compañeiras Mariola, Marta, Rocío ó principio do Proxecto e quizáis simplifícalo, poñelo o día e ratifícalo novamente.

A Asemblea deuse por rematada pasadas as 22.00h. Tomou nota da Acta Carmen e a coordinación da reunión fíxoas Patxi.